

INTRODUCCIÓN. Estas sextas xornadas do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo pretenden ser un punto de encontro para a reflexión sobre a evolución, o estado actual e o futuro da prevención en condutas aditivas. Con este fin, requirimos a colaboración de expertos de prestixio, investigadores, profesionais e representantes da administración, para que nos expoñan os seus puntos de vista e nos axuden a mellorar a efectividade dos programas de prevención no noso ámbito local.

Ademais dos formatos habituais de conferencias e mesas de discusión, este ano incorporamos un debate a dous, espazo no que dous expertos debaterán sobre os programas de lecer alternativo, coa colaboración dun profesional da comunicación en funcións de moderador. Na parte final deste debate, o moderador formularalles aos expertos as cuestións que os asistentes queiran realizarlles a través dunhas tarxetas.

Tamén contaremos coa colaboración da administración, representada por responsables da Subdirección de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, para actualizar a nosa información sobre a situación actual e as estratexias para o futuro.

As mesas sobre experiencias en prevención pretenden amosar unha selección de programas que nos axuden a reflexionar sobre cuestións como fundamentación, efectividade, avaliación e innovación.

E como a eficacia dos programas de prevención depende da capacidade para lle facer chegar a súa mensaxe á poboación diana e conseguir os cambios desexados, na última mesa de discusión contaremos coa participación de profesionais da comunicación e colectivos sociais, para que nos acheguen a súa opinión sobre esta cuestión e sobre o papel que poden desempeñar, desde cada un destes ámbitos, na prevención das adicións.

Confiamos en que o deseño destas sextas xornadas resulte atractivo, e nos permita contar cunha ampla participación de todos os colectivos interesados.

OBXECTIVO XERAL. Promover o encontro, debate, reflexión entre os profesionais e mediadores sociais arredor das cuestións de máis actualidade no ámbito das drogodependencias e adicións. Contribuír á formación dos diferentes axentes implicados no proxecto conxunto do Plan Local.

DESTINATARIOS. Profesionais, técnicos e mediadores sociais, do ámbito da saúde, os servizos sociais, a educación... e representantes da comunidade con interese na promoción da saúde, particularmente nas adicións.

METODOLOXÍA. Conferencia inaugural, mesas redondas e debate.

COMITÉ ORGANIZADOR:

Comisión Permanente do PLsDA:

- D. Jorge Cabrera Riande - CEDRO.
- D^a. Ana Cartea López - Coordinadora do PLsDA.
- D^a. Mayka Cores Otero - Técnica xestión do PLsDA.
- D^a. Carmen Guimeráns Freijeiro - ASVIDAL.
- D^a. Marta Iglesias Bueno - Concelleira de Participación Cidadá e Benestar Social.
- D. Rafael Ojea Pérez - Coordinador de Benestar Social.
- D. Francisco Otero Lamas - CEDRO.
- D. Manuel Rodríguez Iglesias - ALBORADA.

ORGANIZA



PLsDA
PLAN LOCAL SOBRE
DROGODEPENDENCIAS
E OUTRAS ADICIÓNIS



Concello de Vigo

COLABORA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
CONVENIO 2006/2007



SERGAS
Secretaría Xeral
Subdirección Xeral de Saúde Mental
e Drogodependencias

caixanova
Centro Social Vigo



VI XORNADAS PLsDA

“A PREVENCIÓN A DEBATE”



PLsDA

PLAN LOCAL SOBRE
DROGODEPENDENCIAS
E OUTRAS ADICIÓNIS

Vigo, 3 e 4 de maio de 2007

Xoves 3 de maio de 2007

mañá

10:00-11:30

> Conferencia inaugural

“A Prevención das Drogodependencias en España: Unha visión crítica.”

Amador Calafat Far. Psiquiatra IREFREA. Director da Revista "Adicciones".

11:30-12:00

> Descanso

12:00-13:30

> Mesa 1

“A Prevención de Drogodependencias na Comunidade Autónoma de Galicia. 10 aspectos a debate en torno á Prevención. A Prevención no novo Plan de Galicia sobre Drogas.”

Víctor Pedreira Crespo. Médico Psiquiatra. Subdirector xeral de Saúde Mental e Drogodependencias. Servizo Galego de Saúde. Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia.

13:30-14:00

> Inauguración

14:00

> Saída

16:30-18:00

tarde

> Mesa 2

“Experiencias preventivas I.”

“Programa de Autoescolas.”

Manuel Isorna Folgar. Doutor en Psicología. Coordinador do Programa de Prevención de Drogodependencias. Equipo de Prevención da Agrupación de Concellos do Baixo Ulla-Sar.

“Habilidades para a vida”

Hilario Garrudo Hernández. Psicólogo Clínico. EDEX.

“Cidades Saudables”

Jesús Cartelle Fernández. Médico Psiquiatra. Xefe do Servizo da Unidade de Asistencia a Drogodependentes. Concello de Ribeira.

18:00-18:15

> Descanso

18:15-19:45

> Mesa 3

“Experiencias preventivas II.”

“Programa de Dispensación Responsable de Bebidas Alcohólicas (DRA).”

Alicia Rodríguez Martos. Psiquiatra. Doutora en Medicina.

“O deseño das campañas preventivas.”

Roberto Velázquez Martín. Director de Comunicación e Marketing da F.A.D.

“Proxecto piloto Odisea.”

Sonia Moncada Bueno. Xefa da Área de Prevención. Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas.

Venres 4 de maio de 2007

mañá

10:00-11:30

> Debate a dous

“Avaliación de Programas Preventivos de Lecer e Tempo Libre.”

Relator: Elisardo Becoña Iglesias. Catedrático de Psicología Clínica. Universidade de Santiago de Compostela.

Relator: Roberto Secades Villa. Profesor Titular do Departamento de Psicología. Universidade de Oviedo.

Moderador: Eduardo Rolland Etchevers. Xornalista.

11:30-12:00

> Descanso

12:00-13:45

> Mesa 4

“Medios de Comunicación e Drogodependencias.”

“As Drogodependencias nos Medios de Comunicación.”
Relatora: Rocío Suárez Fernández. Licenciada en Ciencias da Información. Diario Atlántico.

Relator: Jose María García Martínez. Xornalista. Redactor Xefe Local do Faro de Vigo.

Relator: Juan Carlos Ortiz De Elguea. Delegado en Vigo de La Voz de Galicia.

“Drogodependencias e información necesaria. O caso galego.”

Relatora: Belén Puñal Rama. Licenciada en Ciencias da Comunicación pola USC, investigadora do grupo CIDACOM (Cidadanía e Comunicación) da USC, e xornalista.

“Saúde Mental e Medios de Comunicación. Guía de Estilo.”
Relator: Antonio Hernández Fernández. Coordinador de FEAFES.

13:45-14:00

Clausura

Datas

Xoves 3 e venres 4 de maio de 2007

Data límite de inscrición

27 de abril de 2007

Lugar

Auditorio do Centro Social Caixanova.
R/ Policarpo Sanz, 24-26 Vigo

Inscrición

Gratuíta

SECRETARÍA TÉCNICA DAS XORNADAS

Estinga Servicios Sociales, S.L.
Avda. do Camiño Francés, n^o4-1^oA
15704 Santiago de Compostela

Tf.: 981-577142 / Fax: 981-575603

E-mail: inscripcionesplsda@estinga.com

Web: <http://www.vigo.org/plda>